

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026753	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Santiago de Compostela, que combina alumnado tanto da propia cidade como das parroquias e concellos rurais que a rodean.

Para o presente curso 2023-24 a materia impartirase en dous grupos compostos por 8 (2ºT) e 10 (2ºR) alumnos e alumnas con idades comprendidas entre os 12 e os 14 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución á paisaxe	No primeiro trimestre familiarizarémonos cos conceptos básicos no estudo da paisaxe e coas ferramentas máis útiles existentes para tal fin.	30	13	X		
2	A paisaxe de Santiago	No segundo trimestre analizaremos a paisaxe de Santiago e a súa contorna, atendendo tanto á súa configuración actual como á súa evolución histórica.	35	11		X	
3	Unha paisaxe sustentable?	No terceiro trimestre reflexionaremos sobre o impacto que o crecemento urbano de Santiago ten sobre o seu marco natural, e presentaremos as nosas conclusións xunto con propostas de mellora.	35	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución á paisaxe	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer os elementos que forman a paisaxe e analízalos correctamente.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Coñecer e manexar axeitadamente as principais ferramentas de estudo da paisaxe, tanto cartográficas como escritas ou dixitais.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Recoller datos sobre a paisaxe da contorna de Santiago e presentalos de forma coherente.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Completar en prazo e forma debidos as distintas actividades que se plantexen.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Participar activamente no desenvolvemento do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	A paisaxe de Santiago	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Completar en tempo e forma debidos as actividades que se plantexen.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Recadar datos sobre a paisaxe urbana de Santiago e a súa evolución no tempo.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Manexar correctamente os distintos recursos e ferramentas para o estudo da paisaxe.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Participar activamente no desenvolvemento do proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Interpretar correctamete os datos reunidos e valorar a súa importancia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Unha paisaxe sustentable?	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Sintetizar de forma coherente a información reunida nos meses anteriores, acompañada das valoracións e reflexións que se consideren oportunas.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expresarse con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal axeitada ó contexto.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Manifestar un bo control emocional durante as exposicións, mantendo a serenidade e interactuando con corrección co auditorio.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Incorporar materiais audiovisuais variados á exposición final do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ó longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "A paisaxe de Compostela", dentro do programa "Paisaxe e sustentabilidade" do Plan Proxecta 2023-2024.

A finalidade do proxecto é fomentar o interese do alumnado polo coñecemento da súa contorna, axudarlle a observar con atención e interpretar con acerto o mundo que o rodea, e desenvolver a súa confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. O proxecto combinará actividades individuais con grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumno/a adoptará un rol concreto e asumirá tarefas específicas que se integrarán no resultado final.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explicarase o proxecto e os seus obxectivos, e sentaranse as bases necesarias para abordar un estudo da paisaxe en profundidade: plantexaranse actividades diversas para familiarizar ó alumnado cos elementos básicos da paisaxe, cos métodos de observación e análise e coas ferramentas máis útiles para recabar, procesar e ordear a información. Por último, buscarase de facer unha primeira saída de campo a unha paraxe cercana ó centro para poñer en práctica os coñecementos adquiridos.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, iniciarase o estudo detallado das paisaxes de Santiago e os seus arredores. A través dunha metodoloxía diversa reuniranse datos para coñecer o seu estado actual, pero tamén a súa configuración histórica, con especial atención ás épocas máis recentes.

- Análise de fontes cartográficas, tanto físicas como dixitais.
- Saídas de campo para observar e analizar directamente as diferentes paisaxes urbanas e periurbanas.
- Elaboración dun catálogo fotográfico que reflecta a variedade dos espazos observados.
- Estudo da documentación municipal referente á ordeación urbanística.
- Realización de entrevistas a persoas de idade para recoller os seus testemuños sobre os cambios acaídos na cidade co paso do tempo.
- Comentario de notas de prensa e informes sobre o organización da cidade e a súa problemática.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado, a través de estruturas cooperativas, porá en común os datos recabados para elaborar unha síntese explicativa da orixe histórica, configuración presente e perspectivas de futuro das paisaxes de Santiago, que virá acompañada dunha reflexión grupal acerca dos problemas que as afectan e as posibles solución que se poderían aportar. Os resultados da síntese a a reflexión serán presentados ó resto da comunidade educativa mediante paneis, charlas e materiais audiovisuais..

No desenvolvemento do proxecto fomentaranse en todo momento o traballo interdisciplinar, combinando as echegas e os enfoques de materias moi diversas:

- Xeografía e Historia (estudo dos espazos e da súa evolución ó longo do tempo, manexo de fontes xeográficas e históricas).
- Bioloxía (identificación das especies vexetais características das paisaxes compostelás).
- Lingua Galega / Castelá (lectura de textos e comprensión da información, expresión oral e escrita).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (coñecemento das realidades próximas, valoración do patrimonio e a historia propios).
- Educación Plástica e Visual (debuxo de paisaxes, deseño de carteis e paneis explicativos).
- Tecnoloxía (manexo de fontes dixitais, creación de contidos audiovisuais)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Mapas e planos
Fichas para a análise e descrición da paisaxe
Material de debuxo
Aparellos de fotografía e gravación

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases será a aula, con acceso individual a equipos informáticos para que o alumnado poda traballar tanto con recursos físicos como dixitais. A aula está igualmente equipada cun encerado e un proxector, para que o/a docente poda comunicar da forma máis axeitada a información necesaria para o desenvolvemento das distintas actividades.

Como non podería ser doutro modo nun proxecto coma este, varias sesións serán levadas ó exterior do centro, e consistirán en visitas a distintos espazos de Santiago e a súa contorna inmediata para trabar coñecemento directo coas realidades estudadas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións do proxecto sondearanse os coñecementos do alumnado sobre os conceptos básicos da paisaxe e os elementos que a integran, cunha serie de actividades que deben servir ó mesmo tempo como repaso dos contidos e como medio de valoración para o/a docente, que en base ós resultados calibrará o nivel de coñecementos de partida, sobre os que debe desenvolver o curso. De igual xeito, esta primeira toma de contacto debe servir para detectar as dificultades que podan presentar alumnos/as concretos/as e que poden requirir respostas específicas de apoio e reforzo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Ó longo do curso o alumnado deberá presentar ó/a docente os resultados das actividades realizadas, que serán valorados mediante rúbricas que cuantificarán o grao de consecución dos obxectivos perseguidos; nas actuacións grupais, teranse en conta tanto os rendementos colectivos como a aportación individual. Non haberá unha gran proba trimestral, pero as distintas tarefas terán distinto peso na cualificación. De modo máis global, valorarase tamén a participación e a implicación no proxecto, mediante a observación diaria do/a docente da disposición e actuación dos

distintos integrantes do alumnado. O peso relativo do traballo e a actitude en cada avaliación situarase nun 80 / 20. A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un/ha alumno/a non realice as tarefas asignadas e / ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo e obteña como resultado unha nota de avaliación inferior ó 5, terá que realizar unha actividade de recuperación que tocará os puntos esenciais do traballado nese trimestre. Os resultados desa actividade, presentados por escrito, substituirán a nota da avaliación suspensa, en caso de ser superior.

De igual xeito, no caso de que un/ha alumno/a remate o curso cunha nota media final inferior a 5 e / ou dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba actividade de recuperación final sobre os diferentes aspectos traballados no proxecto, a presentar por escrito no prazo acordado; a nota resultante substituirá a nota da avaliación ordinaria en caso de ser superior.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmo grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto de temática libre:

- Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.
- Na segunda avaliación realizará as distintas fases de execución do proxecto.
- Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) será obxecto de especial atención no desenvolvemento do proxecto, tanto na aula como nas saídas de campo, co fin de integralo na dinámica de traballo e guialo na realización das actividades. Buscarase en todo caso fomentar a súa participación activa no proxecto, dentro das súas posibilidades, e valoraranse as súas aportacións polo esforzo realizado, mesmo se as súas circunstancias persoais aconsellan unha redución do nivel de esixencia. Para o alumnado con NEAE buscarase establecer medidas ordinarias como as recollidas na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, no caso do alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) se porán en marcha medidas de carácter extraordinario como a elaboración dunha Adaptación Curricular que permita reducir os contidos da materia e adaptalos ás circunstancias persoais deste alumnado.

Para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe poden plantexarse igualmente actividades de ampliación. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Comunicación Audiovisual			X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.8 - Creatividade		X	X
ET.9 - Valoración do patrimonio natural e cultural	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal os valores de cooperación e traballo en grupo, nun clima de respecto e diálogo, e rexeitarase calquera comportamento discriminatorio por motivos de identidade, competencia, xénero ou calquera outro factor.
- Promoverase o coñecemento e apreciación do entorno natural e social, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, e a valoración do patrimonio cultural.
- Traballaranse competencias básicas como son a expresión oral e escrita, a competencia dixital e audiovisual, a creatividade e a iniciativa persoal.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.		X	X
Saídas de campo.	Análise e recollida de información das distintas paisaxes de Santiago.	X	X	X

#### Observacións:

A realización do programa "Paisaxe e sustentabilidade" do Plan Proxecta+ implica, necesariamente, a realización de actividades complementarias. Para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO propoñanse diferentes actividades relacionadas coa difusión do proxecto que permitan achegar o traballo realizado polo alumnado ao longo do curso ao tempo que se achega a paisaxe de Santiago a toda a comunidade educativa.

Do mesmo xeito, para unha consecución existosa do proxecto cómpre facer varias saídas de campo ao longo do curso que posibiliten a recollida de información "in situ" das distintas paisaxes co obxecto analizar e documentar toda esa información para a súa posterior incorporación aos distintos produtos que vaiamos elaborando ao longo do curso (exposicións, blogs, etc.).

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Consecución dos obxectivos globais fixados no proxecto.
Adecuación á temporalización establecida.
Metodoloxía empregada
Adecuación das distintas estratexias metodolóxicas ás tarefas proxectadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización recursos, ferramentas e estratexias variadas.
Medidas de atención á diversidade
Correcta integración do alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

Os resultados finais do proxecto serán avaliados por medio de indicadores de logro que nos permitan valorar o nivel de consecución global. Estes indicadores de logro deberán avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A evolución do proxecto deberá analizarse de xeito periódico para asegurarse de que se axusta ó programado e se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto e obteña os resultados esperados.

Ó rematar o proxecto, o/a docente deberá facer un exercicio de reflexión, o que poderá invitar ó alumnado participante, para valorar o traballo realizado e propoñer futuras modificacións ou melloras.

## 9. Outros apartados